

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
 - 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A Lei 14/1986 do 25 de abril, xeral de sanidade, establece no seu artigo 10.13, que todos teñen dereito con respecto ás distintas administracións públicas sanitarias:

- A) A elixir soamente o médico.
- B) A elixir o médico e os demais sanitarios titulados.
- C) A elixir todos os profesionais que traballan no ámbito da saúde.
- D) Ningunha das resposta é correcta.

2. Indique cal dos seguintes NON constitúe un dereito colectivo do persoal estatutario, segundo o artigo 18 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) O dereito á folga.
- B) O dereito á libre sindicación.
- C) O dereito á negociación colectiva.
- D) O dereito á mobilidade voluntaria.

3. De conformidade co artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a función de vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais corresponde a:

- A) Instituto Nacional da Seguridade Social.
- B) Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- C) Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- D) Inspección de Traballo e Seguridade Social.

4. A Constitución española de 1978, establece no seu artigo 41, que os poderes públicos manterán:

- A) Un réxime público de seguridade social para todos os españois.
- B) Un réxime público de seguridade social para todos os cidadáns.
- C) Un réxime público ou privado de seguridade social para todos os españois.
- D) Un réxime público ou privado de seguridade social para todos os cidadáns.

5. Indique cales das seguintes son retribucións básicas do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Soldo, trienios e complemento de produtividade fixa.
- B) Soldo, trienios e pagas extraordinarias.
- C) Soldo, complemento de destino e complemento específico.
- D) Soldo, trienios e complemento de atención continuada.

6. De conformidade co artigo 9 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, para poder participar nos procesos de selección de persoal estatutario fixo, será preciso reunir o seguinte requisito:

- A) Posuir a titulación exixida na convocatoria ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes.
- B) Posuir a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que deriven do correspondente nomeamento.
- C) Non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, nos seis anos anteriores á convocatoria.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

7. De conformidade co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os interesados aos que se lles soliciten datos persoais deberán ser previamente informados:

- A) Das consecuencias da obtención dos datos ou da negativa a facilitalos.
- B) Da posibilidade de exercer, entre outros, os dereitos de acceso e cancelación.
- C) Da identidade e dirección do responsable do tratamento ou, de ser o caso, do seu representante.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

8. Segundo o artigo 30 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o sistema público de saúde de Galicia é:

- A) Parte integrante do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Un sistema independente do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Un sistema independente que debe coordinarse co Sistema Nacional de Saúde.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

9. De conformidade co artigo 2 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde réxese polos seguintes principios básicos:

- A) Igualdade e capacidade.
- B) Mérito.
- C) Publicidade.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

10. Segundo o artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981 do 6 de abril, o Parlamento estará constituído por deputados elixidos por:

- A) Sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
- B) Sufraxio restrinxido.
- C) Sufraxio universal, igual, libre, directo e público.
- D) Sufraxio universal, igual, libre e indirecto.

Preguntas de reserva

1. De conformidade co artigo 45 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os postos de supervisor/a de área de enfermaría cóbrense polo procedemento de:

- A) Concurso de méritos.
- B) Avaliación colexiada.
- C) Libre designación.
- D) Concurso de traslados.

2. A Constitución española de 1978, no seu artigo 15 establece que:

- A) Todos os españois teñen dereito á vida e á integridade física e moral.
- B) Todos teñen dereito á vida e á integridade física e mental.
- C) Todos os españois teñen dereito á vida e á integridade física e mental.
- D) Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral.